

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------------|----------|---------------|
| 15001136 | IES Francisco Aguiar | Betanzos | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 1º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 7 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 8 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 8 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 8 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 9 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 10 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 11 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 11 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Francisco Aguiar, que é un centro de ensino público que depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sito na localidade de Betanzos, comarca das Mariñas, provincia de A Coruña.

O alumnado adscrito ao noso centro é nunha meirande parte o do CEIP Vales Villamarín, da mesma localidade, situado ao noso lado. Polo tanto, o alumnado que se incorpora á ESO procede da mesma cidade, de Coirós e de Paderne. Outros alumnos e alumnas veñen de Bergondo, Monfero e Miño.

Para estudar Bacharelato, ademais dos alumnos e alumnas citados enriba, o alumnado procede dos Institutos de Secundaria de concellos adxacentes. Hai unha minoría de alumnado procedente doutros países, sobre todo de América do Sur.

Esta programación didáctica será aplicada aos seguintes grupos:

- Un grupo conformado por alumnado procedente de 1º de ESO D e de E de, en total, 23 alumnos (13 alumnos, 10 alumnas).
- Un grupo conformado por alumnado procedente de 1º ESO A e B de, en total, 26 alumnos e alumnas.
- Un grupo conformado por alumnado de 1º ESO C de 17 alumnos/as.

En canto a algunhas características deste alumnado en concreto, existe alumnado con necesidades educativas especiais; hai alumnado con TDAH, dislexia e con atraso madurativo, características que serán tidas en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Definición do proxecto | Serán presentadas diferentes propostas de proxectos a realizar, das cales un será o escollido (no caso de non poder realizarse ningún deses proporoa o profesor) Farase unha búsqueda de información previa para obter un punto de partida e analizar se é factible levar a cabo o proxecto cos recursos existentes no centro ou ca posibilidade de obter recursos, ben por conta do alumnado ou do centro. Nesta unidade farase a planificación do proxecto e unha introdución ó uso de ferramentas dixitais e/ou as que sexan necesarias para levar a cabo o proxecto. | 33 | 11 | X | | |
| 2 | Execución do proxecto | Seguindo a planificación deseñada na unidade previa, seguiranse os pasos para levar a bo porto a execución do proxecto. Para iso, o alumnado terá que pór en marcha os coñecementos, ferramentas, reflexións e razoamentos para obter a solución máis eficaz. O alumnado traballará en grupos para potenciar aspectos de convivencia, respecto e colaboración. Deben recollerse todos os avances e as incidencias na documentación que terán que levar do proxecto para expor ó final o resultado obtido. | 34 | 12 | | X | |
| 3 | Presentación do proxecto | O alumnado elaborará a documentación final e fará unha presentación en Impress ou similar para expor oralmente na clase. Deberán reflexar todo o proceso dende o inicio ata o resultado final. Se é necesario incluírán deseños, planificacións, información previa, relación de materiais e | 33 | 12 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Presentación do proxecto | ferramentas (típicas ou dixitais), os inconvintes atopados, as solucións adoptadas e as imaxes/fotos de todo o proceso. | 33 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 1 | Definición do proxecto | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Propor ideas para a realización dun proxecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto, xa sexan recursos materiais ou dixitais. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Realizar unha búsqueda de información inicial centrada no proxecto elixido e documentar dita información. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir (entre elas ter en conta o posible descoñecemento de certas ferramentas dixitais que serán necesarias para o proxecto). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 2 | Execución do proxecto | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 3 | Presentación do proxecto | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Realizar a presentación. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o proxecto que se decida facer.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o proxecto a realizar, farase a planificación das sesións que serán adicadas a cada apartado do desenvolvemento do proxecto:

- Propostas de proxectos.
- Selección do proxecto.
- Búsqueda de información sobre o proxecto.
- Coñecemento das ferramentas necesarias para o desenvolvemento do mesmo.
- Comenzo do prantexamento do proxecto.
- ...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, continuarán co plan de traballo deseñado na planificación.

- Consulta de información online.
- Simulacións de ser o caso.
- Análise de datos de ser o caso.
- Implementación de ser o caso.
- ...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o resultado final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión por exemplo na páxina web do centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas
- Economía (xestión de recursos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

No caso de que o proxecto finalice antes do previsto ou que se atopen dificultades externas para poder rematalo, poderase propoñer un segundo proxecto que será desenvolto e realizado segundo o especificado neste apartado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores |
| Caderno |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Ademáis neste centro todo o alumnado de 1º de ESO ten ordenadores de EDIXGAL, co cal non fai falla facer uso da aula de informática para todo o proceso de recollida de datos e documentación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, ben por observación das dinámicas do grupo ou ben por medio dunhas tarefas específicas obterase información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe, capacidades por riba da media do grupo ou deficiencias nalgunhas competencias clave como por exemplo no manexo de ferramentas dixitais que van ser necesarias para documentar e presentar o proxecto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 33 | 34 | 33 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Entregarán o traballo realizado segundo a planificación establecida. Os items serán avaliados utilizando rúbrica ou táboa de indicaros.

- SEGUNDA AVALIACIÓN:

Entregarán a seguinte fase de implementación do proxecto e deberán presentar toda a documentación xuntada dende a primeira sesión de clase.

A avaliación novamente será realizada con táboa de indicadores ou rúbrica.

Aqueles aspectos deficientes detectados na primeira avaliación estarán resoltos nesta segunda, de forma que se hai algunha variación na planificación deberá axustarse para levar o proxecto ó día.

Nesta segunda avaliación o proxecto será avaliado de xeito contínuo, é dicir, tendo en conta todos os items dende a primeira sesión de clase.

- TERCEIRA AVALIACIÓN:

Finalización, presentación e exposición do proxecto.

Nesta terceira avaliación utilizarase unha rúbrica ou táboa de indicadores que avalíe todo o proxecto dende o principio ata o final. Ademáis avaliarase a parte de presentación e exposición ca mesma rúbrica.

A nota de cada avaliación será a obtida segundo a rúbrica ou táboa de indicadores de cada unha delas. A nota redondearase cara arriba se o primeiro decimal é 5 ou superior e cara abaixo se o primeiro decimal é inferior a 5.

A nota ordinaria en xuño virá dada polo 100% correspondente á terceira avaliación xa que é unha avaliación contínua.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña a terceira avaliación suspensa, deberá realizar unha proba escrita final sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

Debido ó xeito de avaliar o proxecto de forma continua, en caso de desviacións na planificación/execución, haberá tempo nas seguintes avaliacións para nivelar o avance do proxecto segundo a planificación establecida. Así este xeito de traballar dá pé a que na segunda avaliación se recuperen as deficiencias ou obxectivos non acadados na primeira, e na avaliación seguinte procederíase do mesmo xeito.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------|--|----------|----------|----------|
| Exposición do proxecto | Cada grupo de traballo debe expor oralmente e explicar con apoio de presentacións, animacións, etc., tanto o punto de partida como o desenrolo e os resultados obtidos na elaboración do proxecto. | | | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación á temporalización dos hitos do proxecto |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación |
| Clima de traballo na aula |
| Participación activa de todo o alumnado |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento dos hitos do proxecto sigan o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados